



OBSERVATORIO

TURISMO RÍAS BAIXAS

BALANCE
ANUAL 2025



Deputación
Pontevedra



ríasbaixas



BALANCE ANUAL 2025

BALANCE ANUAL 2025

DATOS INE

- Número de viaxeiros recibidos na provincia
- Pernotacións por tipo de establecemento
- Porcentaxe de ocupación
- Estadía media

DATOS TURISMO RÍAS BAIXAS

- Visitantes atendidos na Rede de oficinas INFO RIASBAIXAS
- Perfil do turista
- Visitantes do Castelo de Soutomaior e Castelo de Sobroso
- Datos Redes Sociais

DATOS DA OFICINA DO PEREGRINO

- Peregrinos que fixeron o Camiño de Santiago

CONSIDERACIÓNS FINAIS



Segundo os datos aportados polo INE, a provincia de Pontevedra recibiu no ano 2025 o **33,56%** dos visitantes que acudiron a Galicia, o que supón que 1.796.183 turistas visitaron o noso destino, cun aumento do 0,73% con respecto ao ano 2024.

Deste xeito o 65,11% dos visitantes era de procedencia nacional, mentres que o 34,89% restante eran estranxeiros. Cabe destacar o aumento do **9,44%** no número de visitantes estranxeiros con respecto ao ano 2024.

Comparativa do número de viaxeiros (2024 – 2025)

		2024	2025
VIAXEIROS	Total viaxeiros	1.783.031	1.796.183
	<i>Residentes en España</i>	1.210.407	1.169.498
	<i>Residentes no estranxeiro</i>	572.624	626.685



PERNOCTAS POR TIPO DE ESTABLECEMENTO NA PROVINCIA		2024	2025
ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS	Total pernoctacións	3.776.923	3.664.269
	Residentes en España	2.850.012	2.691.101
	Residentes no estranxeiro	926.911	973.168
CAMPING	Total pernoctacións	724.618	726.218
	Residentes en España	590.280	619.468
	Residentes no estranxeiro	134.338	106.750
APTOS. TURÍSTICOS	Total pernoctacións	293.427	373.551
	Residentes en España	224.553	287.467
	Residentes no estranxeiro	68.874	86.084
TURISMO RURAL	Total pernoctacións	99.327	95.123
	Residentes en España	76.839	79.367
	Residentes no estranxeiro	22.488	15.756

Os establecementos hoteleiros foron no ano 2025 a opción predominante para os viaxeiros, estes experimentaron un descenso de case o 3% no número de pernoctacións con respecto a 2024.

Doutra banda, como segunda opción sitúanse os camping na que o INE rexistra un lixeiro aumento do 0,22% con respecto o ano anterior.

Canto ao opción dos apartamentos turísticos, estes presentaron un notorio aumento dun 27,30%.

No caso dos establecementos de turismo rural, estes tiveron un descenso do 4,23% en comparación co ano anterior.

O Destino Rías Baixas, tivo durante o ano 2025 unha media de ocupación por praza do 42,25%, alcanzando no mes de agosto o mellor dato ocupación con preto do 73% e sendo o de menor dato o mes de xaneiro cun 23%.

A ocupación media por punto turístico foi en:



Falando da estadía media, segundo aporta o INE, os visitantes permaneceron na provincia unha media de 1,92 días, atopando en Sanxenxo unha estadía media de 2,62 días, en O Grove de 2,49 días en Vigo de 1,68 días e en Pontevedra 1,56 días.

Fonte: INE



Segundo os datos recollidos nas oficinas da Rede INFO RÍASBAIXAS 2025, recibíronse na provincia no ano 2025 un total de **346.108** persoas e realizáronse un total de 89.578 enquisas.

Na oficina de turismo do Palacete das Mendoza, sede de Turismo Rías Baixas, recibíronse un total de 34.955 persoas.

En canto ao perfil do turista que elixiu as Rías Baixas como destino das súas vacacións, podemos falar dun turista:

Visitante Nacional 67,61%

- ✓ MADRID (14,16%)
- ✓ PONTEVEDRA (6%)
- ✓ BARCELONA (4,68%)


Visitante Internacional 32,39%

- ✓ ALEMAÑA (3,83%)
- ✓ PORTUGAL (3,51%)
- ✓ EE.UU (3%)

O 45,8% das persoas que nos visitaron atópanse no rango de idade de 36-60 anos.

O 23,58% elixiron como tipo de aloxamento o hotel, o 15,96% os albergues e o 12,30% os apartamentos turísticos.

Sendo a estadía media 



As principais motivacións de visita da provincia foron:

Camiño de Santiago 36,18%

Ocio 28,69%

Cultura 14,78%

Cabe subliñar que o 58,45% dos que nos visitaron NON coñecían o destino ou localidade con anterioridade.


Os municipios escollidos para o seu aloxamento foron principalmente **Pontevedra** nun 14,75%, seguido de **Sanxenxo** nun 6,31%, e **O Grove** nun 5,15%.




TOP 5 DAS OFICINAS DA REDE DE INFO RIASBAIXAS CON MAIOR NÚMERO DE VISITANTES ATENDIDOS

A rede de oficinas de turismo posta en marcha dende a súa creación no ano 2018 ten entre os seus obxectivos a prestación dun servizo de información turística provincial organizado, coherente, de calidade, con fácil acceso e con boa imaxe a través dun sistema de información en rede que debe contribuír ao reforzo da competitividade e a mellora de calidade do servizo nesta materia. Actualmente a rede está conformada por un total de 32 oficinas.

No que atinxe ás persoas que acudiron a obter información turística nas oficinas o longo do ano 2025, as oficinas con maior número de visitantes foron:



 OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE BAIONA:	55.445 visitantes
 OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE VILAGARCÍA DE AROUSA:	41.870 visitantes
 OFICINA DE TURISMO RÍAS BAIXAS:	34.955 visitantes
 OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE TUI:	23.906 visitantes
 PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE SOUTOMAIOR:	20.683 visitantes



PRINCIPAIS INDICADORES DE REDES SOCIAIS

O longo do ano 2025 as dinámicas de interacción nas redes Sociais revelaron padróns significativos do Turismo nas Rías Baixas, estas amosaron que Facebook é a plataforma líder no número de visualizacións e en alcance, secundada por Instagram.


Algúns datos sobre a campaña de promoción turística levada a cabo no ano 2025:

- ✓ Acadou máis de **69,5 millóns de impacto**, sumando a actividade dos medios tradicionais e as accións especiais con influencers.
- ✓ Foi a campaña que máis impactos xerou, supoñendo un aumento do 61% respecto á campaña do ano anterior (43 millóns de impactos) e do 30% respecto á de 2023 (53,6 millóns de impactos).
- ✓ **Búsquedas Rías Baixas** con 34.500, esta é a campaña na que se ha alcanzaou o pico máis alto de búsquedas sobre o noso destino, cunha variación do 145% respecto ás 14.090 búsquedas do ano 2021 (momento no cal se empezaron a recopilar datos sobre as campañas).
- ✓ **Datos das redes sociais de turismo**, que en catro anos pasaron de 72.200 a superar os 94.700 seguidores en 2025, e un incremento de máis do 120% en Instagram ao pasar de 13.800 en 2021 a 30.500 en 2025.


En definitiva, a campaña de 2025 consolida o mellor rendemento global ata a data, cun máximo histórico de 69,5 millóns de impactos, un forte crecemento interanual, un notable incremento do interés polo destino (récord de búsquedas), unha estratexia eficaz de influencers xerando engagement e unha evolución moi positiva das redes sociais, reforzando o posicionamiento e a visibilidade de Rías Baixas.

CANLE	VISUALIZACIÓNS	ALCANCE
FACEBOOK	28.749.784	8.409.351
INSTAGRAM	4.091.914	1.918.279
X	319.670 <i>(falta o rexistro de datos de novembro e decembro)</i>	
WEB TURISMO RÍAS BAIXAS	292.555	182.092
YOUTUBE	1.925.600	

FACEBOOK





INSTAGRAM



Tal e como reflexan as gráficas, no mes de outubro tanto na rede social Facebook como en Instagram, rexistrouse o mellor dato do ano, esto foi debido a campaña levada a ca bo con influencers como Alexandra Pereira, Tamara García e Defreds.

Rexistrando un elevado nivel de interaccións positivas e unha alta conexión co público obxectivo, superando os 14 millóns de visualizacións en Facebook e 700.000 en Instagram, o que supón un elevado nivel de interaccións positivas favorecendo o posicionamiento de Rías Baixas.



Destacar que no mes de xullo tivo lugar o lanzamento da nova web de Turismo Rías Baixas, o que supuxo un notorio aumento nas visitas tanto en YouTube como na propia web do destino duplicando o número de visitas e pasando de 20.767 en xuño a 40.309 no mes de xullo.

Os nosos **castelos** son grandes protagonistas da oferta turística da Provincia.



O Castelo de Soutomaior recibiu un total de **33.588** visitantes (49% foron visitantes xerais, 32% corresponde a turismo familiar e 19% a grupos concertados).

No referido a procedencia dos visitantes: o 56% foron galegos, o 31% de ámbito nacional (*Madrid, Castela León, Cataluña e Andalucía entre outros*) e o 13% restante dos visitantes de *Portugal, Francia e Estados Unidos entre outros*.

Datos ata o 30/11/2025

O Castelo permanece pechado por reformas dende o mes de decembro.



O Castelo de Sobroso recibiu un total de **12.082** visitantes (42% foron visitantes xerais, 49% participaron na visita guiada e 9% acudiron con entrada libre).

No referido a procedencia dos visitantes: o 63% foron galegos, o 27% de ámbito nacional (*Madrid, Castela León e Andalucía entre outros*) e o 10% restante na súa maioría provintes de *Portugal, Francia e Estados Unidos entre outros destinos*.

Datos ata o 30/09/2025

O Castelo permanece pechado por reformas dende o mes de outubro.

VISITANTES	2024	2025
Castelo de Soutomaior	37.108	33.588
Castelo de Sobroso	17.428	12.082



Se falamos do Camiño de Santiago, os datos que nos mostra a Oficina do Peregrino para o ano 2025, é dun total de 202.829 peregrinos que realizaron algún dos camiños que atravesan as Rías Baixas (*aumento do 11% de peregrinos*).



Camiño Portugués 49,71%

Incremento do 6% con respecto a 2024



Camiño Portugués pola costa 44,13%

Incremento do 20% con respecto a 2024



Vía da Prata 4,36%

Descenso do 2% con respecto a 2024



Camiño de Inverno 1,36%

Descenso do 4% con respecto a 2024



O 68,7% dos Peregrinos procede de orixe internacional, e o 31,30% é peregrino nacional.

Visitante Nacional 31,30%

✓ ANDALUCÍA (25,46%)

✓ MADRID (18,90%)

✓ COMUNIDADE
VALENCIANA (12,40%)

Visitante Internacional 68,7%

✓ ESTADOS UNIDOS (9,32%)

✓ PORTUGAL (8,64%)

✓ ALEMAÑA (7,62%)

CONSIDERACIÓNS FINAIS DOS RESULTADOS TURÍSTICOS

- Durante o pasado ano a provincia recibiu ao 33,56% dos visitantes que acudiron a Galicia.
- Rexistrando un dos mellores números de visitantes da súa historia, con preto do 1,8 millóns de persoas.
- Aumento en máis dun 9,44% de turistas estranxeiros.
- A ocupación media ao longo do ano 2025 situouse no 42,25% sendo o mes de agosto o de maior de ocupación cun 73%.
- As oficinas da Rede INFO RIASBAIXAS atenderon a máis de 340.000 visitantes.
- Máis de 55.000 visitantes foron atendidos na Oficina de Turismo de Baiona, seguida pola de Vilagarcía de Arousa con preto de 42.000 e a de Turismo Rías Baixas con preto de 35.000.
- Máximo histórico da nosa campaña de promoción turística con máis de 69,5 millóns de impactos xerados.
- Visitaron os castelos de Soutomaior e de Sobroso máis de 45.000 persoas.
- No referido ás rutas do Camiño de Santiago que atravesan a provincia, durante o 2025 foron percorridas por preto de 203.000 peregrinos, cun incremento do 11% con respecto ao 2024.



T E N D E N D O P O N T E S



TURISMO RÍAS BAIXAS
OBSERVATORIO